

Repaso para un ano de literatura

 [12/06/2006 20:58] por **Manuel Rodríguez Alonso**

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.


AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas sobre literatura, editoriais e librerías

Anuario Grial de Estudos Literarios
Dolores Vilavedra (Directora)

Galaxia, Vigo, 2006. 211 páxs., 11,50 €

Como vén sendo habitual dende hai xa anos sae estes días este anuario que pasa revista á produción literaria galega durante o ano 2004. Como é normal nesta publicación, xunta os estudos sobre literatura galega, aparecen outros artigos en que se estuda o desenvolvemento dos diferentes xéneros literarios na literatura galega ao longo do ano 2004. Como remate, dedica uns trece artigos a analizar trece obras literarias publicadas ao longo deste 2004. Xa que logo, realmente, esta publicación realiza de feito unha crítica valorativa e ata unha canonización das obras literarias xurdidas ao longo de 2004, pois a aparición dunha obra neste *Anuario* supón en certo xeito unha primeira canonización.



Dada a cantidade de libros que se publican ao longo do ano en Galicia cómpre unha publicación coma esta que peneira o publicado nun ano. Teñen os autores e autoras deste *Anuario* a valentía e o mérito de tratar de salientar as obras mellores do ano literario galego, dun xeito semellante ao que fixeron a directora e membros deste equipo do *Anuario* no utilísimo *Diccionario da literatura galega*, especialmente no tomo III, dedicado a *Obras*.

Do devir da narrativa ocúpase a propia directora da publicación, Dolores Vilavedra. A autora salienta neste caso a importancia que está a tomar a narrativa escrita por mulleres. Cómpre agradecerlle a Vilavedra que non faga unha crítica *amable*, pois nalgúns casos expresa opinións de tipo negativo sobre relatos que foron gabados por outros críticos. Da poesía ocúpase Helena González Fernández, que defende a primacía das poetas mulleres sobre os poetas homes no ano 2004. Mesmo inventa o neoloxismo "poetos" para referirse ás novas voces líricas masculinas. González maniféstase no seu artigo como unha convencida defensora da chamada poesía feminina galega. O ensaio é analizado cun ton universitario e rigoroso por Manuel Forcadela. Iolanda Novo traza a panorámica do teatro, Constela Bergueiro as das traducións literarias ao galego, Eirín García a dos estudos sobre literatura medieval e J. Álvaro Álvarez e M.^a Isabel Soto o da literatura infantil e xuvenil.

Como xa dixemos, estes artigos panorámicos funcionan a xeito dunhas primeiras canonizacións dentro do ámbito da literatura galega. O mesmo ocorre coas obras elixidas para seren comentadas no apartado final de "Libros". Nós podemos estar ou non de acordo con estas eleccións e valoracións, mais cómpre salientar a valentía dos autores nesta tarefa, pois se lemos con tino, vemos que non todas as obras teñen o mesmo valor para os articulistas. Por outra banda, o que non estea de acordo coas valoracións feitas ou coas eleccións realizadas en canto libros importantes do ano debe amosar a súa disensión dende outros medios.

Observamos en varios artigos da revista un certo feminismo crítico militante, que tende a separar a obra literaria das mulleres da dos homes, a poesía feminina da masculina, as narradoras dos narradores. Eu creo que non podemos dividir a literatura entre literatura feminina ou masculina. Hai literatura ou non hai literatura de calidade, independentemente de que o autor sexa un home ou unha muller. Tamén soan a laio improcedente as referencias que se fan nalgúns artigos desta revista ao poder patriarcal que condiciona a creación literaria ou a canonización da literatura. O certo é que esta publicación está dirixida por unha muller e mesmo a literatura chamada feminina ten hoxe defensores e defensoras abondos situados en postos clave como universidades, Consello da Cultura Galega ou publicacións e editoriais moi influentes. Outra cousa é que a poesía actual, ou mesmo moita da literatura actual, resulte "invisible", non só porque non apareza nos medios de comunicación, como sinala Helena González no seu artigo, senón porque esta literatura é invisible nos plans de estudo e nos libros de Ensino Secundario e Bacharelato. Certo que é unha literatura transgresora e antipatriarcal, incluso politicamente incorrecta, pero tanto é aínda o poder dos poderes tradicionais no Ensino para que esta literatura nova non entre nos nosos institutos? Ademais, a porcentaxe de profesoras de literatura é grande, polo que a cousa aínda resulta máis inexplicable. Cómpre que a literatura nova entre nos institutos.

En canto aos artigos dedicados a estudos literarios algúns son prescindibles. Moi frouxo é o de Craig Patterson ou mesmo o de Jorge Pérez. Simões de Almeida e Burghard Baltrush defenden a calidade da poesía de Lupe Gómez, pero dános a impresión de que o fan desde postura preconcebidas e non nos chegan a convencer da alta calidade desta poetisa, por máis que tampouco

consideremos que se poida despachar co aldraxante "erotismo de alpendre" que lle dedican algúns críticos, especialmente en "pétit comité". Quero salientar que o artigo en que Olga Novo gaba *Vermella con lobos* de Carmen Blanco parece unha devolución de favor, pois Carme Blanco pon polas nubes a Olga Novo en dous artigos do seu recente *Sexo e lugar*, comentado hai pouco nestas páxinas. Sen entrarmos no mérito das obras comentadas destas dúas autoras, é necesario evitar feitos coma este, que producen a impresión de que a crítica galega é unha asociación de axudas e auxilios mutuos.

De todos os xeitos, se queremos ter un panorama e unha valoración do devir da literatura galega en 2004, cómpre ler este *Anuario*, que xa é unha tradición na nosa cultura.

[mércao en Andel](#)

COMENTARIOS:

Hai 3 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)